



## O atraso no que vivía España nos anos 30

explica en boa medida a crise que sufriu nos tempos da República e que desembocou logo na Guerra Civil. Esta é a análise que deses anos fai o profesor Juan María Laboa que abre este número cun traballo titulado *A Igrexa na crise española dos anos trinta*. El enfoca deste xeito o seu traballo nestas páxinas:

“Nos anos trinta, co transcurso dos avatares do século, aquela España demasiado ligada ao pasado entrou aparentemente en crise ou, polo menos, sentiuse conmovida polo aparente proceso de modernización experimentado polo país desde os comezos do século. Digo aparente porque o grao de modernización fora bastante relativo, ben afastado do que experimentarían os demais países europeos occidentais.”

Este número de *Encrucillada* é algo especial polo seu enfoque. Tentamos de nos situar na polémica sobre a memoria histórica deses anos críticos. Non compartimos a idea de que para superar pasado haxa que esquecer, que a amnistía política implique o olvido: temos que lembrar para aprender.

E así o fai o traballo do referido profesor Laboa, que sitúa no seu contexto as relacións entre a Igrexa española, a súa xerarquía e mailo conxunto dos crentes, e as diferentes opcións políticas fortemente enfrontadas nos anos trinta e posteriores.

Dentro deste marco xeral de referencia, tentamos tamén recuperar a nosa memoria histórica máis próxima, dos crentes e dirixentes da Igrexa en Galicia. E así lembramos o caso singular de Alexandre Bóveda. Andrés Torres Queiruga e Engracia Vidal Estévez tiveron no seu día a oportunidade de expor nun congreso organizado pola Fundación Alexandre Bóveda aspectos da personalidade deste home que non adoitan destacarse.

Fálanos Torres Queiruga de Bóveda como “un cristián para as catro estacións” salientando así a súa fe “eclesial, realista, martirial e comprometida”. E remata o artigo con este parágrafo: “De ningunha maneira son partidario da enxurrada de canonizacións de mortos na nosa guerra civil. Pero, se tivese que aprobar unha, non dubidaría un segundo en escoller a de Bóveda. Morre polos demais, morre



perdoando, morre acendido de amor aos seus, morre iluminado pola fe e a esperanza na resurrección. Morre mártir.”

Para Engracia Vidal, o tipo de compromiso cristián de Bóveda vai moi por diante da mentalidade do seu tempo: “Sorprende nesa época a súa sensibilidade social, a solidariedade cos traballadores, e, sobre todo, o seu compromiso con Galicia a través da política, integrados ámbolos dous na súa vivencia relixiosa... Tiveron que pasar moitos anos, e termos vivido un concilio como o Vaticano II, para que estas dúas coordenadas de compromiso social e político coa terra, ocuparan un lugar privilexiado na vida dos cristiáns e cristiás, como consecuencia do noso compromiso de fe”.

Ademais do cadro xeral de referencia e da lembranza deste personaxe singular, varios colaboradores fan presente neste número a variada experiencia deses anos de crise política e relixiosa. Así Francisco Carballo e Hermelinda Dapena nos traen á memoria recordos persoais daquela época, relatados en primeira persoa. E tal é tamén o relato, en forma de entrevista, que da man de Marisa Vidal nos fai Dositeo Valiñas, o cura de Ribadumia, que lembra os seus tempos de seminarista nos anos trinta e logo a experiencia posterior da súa actividade pastoral baixo o franquismo.

Pola súa parte Xaquín Campo Freire recolle un amplo abano de testemuños de vivencias, baixo o título “Isto tamén é memoria histórica”. Lembra a moitas persoas esquecidas que souberon resistir ao horror da loita fratricida. “Grazas a eses anónimos, moitos puideron fuxir, outros estiveron agochados, algúns salvaron a vida e deuse o caso do que, por salvar aos demais ou por saír na súa defensa, aínda ben deles pagaron coa propia vida. Porque, neste lado de aquí, tamén os nacionais deixaron detrás de si horror abondo! E tamén son nosos”

E tamén lembramos neste número a memoria do que fora bispo de Ferrol, Miguel Anxo Araujo Iglesias, ao que se lle renderá homenaxe no próximo foro de *Encrucillada*.

**Agustín Díaz**  
tintxu@teletel.es